

Boletín nº1

IMPACT RIS3T

Oportunidades para a innovación en Europa



Adaptar a industria aos retos dixitais para que as empresas gañen tamaño e avancen en internacionalización

3



Apoio de novos instrumentos e cooperación en Manufacturing

5



Panorama xeral das oportunidades de apoio da UE para fabricación intelixente

6

INNOVATION & MANUFACTURING
BROKERAGE EVENT

Oportunidades para a innovación e competitividade en Europa



De esquerda a dereita e de arriba a abaixo: Patricia Argerey, Alexandre Almeida, Pilsar González e Raquel Meira

Patricia Argerey, Directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN) da Xunta de Galicia, foi a encargada de abrir o Innovation & Manufacturing Brokerage Event, celebrado en Compostela os días 6 e 7 de novembro de 2019. Explicou que este encontro, centrado na innovación e na fabricación avanzada, enmárcase dentro da Estratexia de Especialización Intelixente conxunta Galicia -Norte de Portugal, a chamada RIS3Transfronteriza, promovida pola GAIN e a Comissão de Coordenação e Desenvolvimento Regional do Norte (CCDRN). O evento foi deseñado para achegar máis estreitamente Europa ao noso ecosistema próximo de innovación, traballando conxuntamente para descubrir as oportunidades que nos brinda o contexto europeo e tendo a oportunidade de coñecer de primeira man algúns destacados proxectos que se están a implementar co apoio da Comisión Europea.

Pilar González, representante do CDTI, explicou que este organismo é un ente público empresarial con longa experiencia no financiamento da I+D+i das empresas españolas, e que ten vocación non só de financiar proxectos en España, senón

tamén dar axudas para proxectos internacionais. Para iso contan con varios eixos de actuación. Por un lado, o Programa Eureka, financiado con fondos estatais, dentro do cal destacou o Clúster Smart de fabricación avanzada, liderado por entidades españolas e no cal Portugal é un dos países participantes. No mesmo ámbito salientou Eurostars, destinado a pemes innovadoras

Tamén destacou o papel do CDTI en Horizonte2020, principalmente nos piares 2 e 3, Liderado Industrial e Retos Sociais. De xeito concreto subliñou que nas convocatorias Factories of the Future un 73% de proxectos levasen participación española. Recordou, ademais, que un 85% dos proxectos lusos inclúen participación española e un 17% dos españois teñen participación portuguesa, o que reflicta o amplo historial de colaboración e as súas posibilidades no futuro.

Alexandre Almeida, coordinador da Estratexia Nacional de Especialización Intelixente da Agência Nacional de Inovação de Portugal, incidiu na importancia que teñen a especialización intelixente, e a cooperación transfronteriza como ferramentas clave para os desafíos que Europa afronta. Na súa opinión Galicia e Portugal,

canda ao resto da UE, teñen que explorar a unión de forzas para a creación de vantaxes competitivas nun mercado global, volviendo as políticas de innovación máis significativas, concretas e incisivas.

Almeida explicou que estamos investindo moito en innovación, “pero innovación ten tamén que ver con transformación e isto implicará cambiar o ADN dos nosos patróns de cooperación: reforzándoos e facéndoos máis flexibles, para combinar coñecemento e capacidades para gañar competitividade”. “Temos que estimular a eficiencia da cooperación”, subliñou. Quixo tamén destacar que máis que crear os recursos, as solucións a despregar neste ámbito teñen que ver con integrar e optimizar os mecanismos de transmisión no sistema de innovación.

Raquel Meira, en representación da CCDRN, considerou que os temas eixo deste evento son de feito a columna vertebral da economía europea. Ao fío, lembrou que o sector manufactureiro ten un peso especial no norte de Portugal, convertido na principal área exportadora do país e, botando man das estadísticas actuais, debuxou unha rexión moi ben posicionada para o impulso da competitividade das pemes en diferentes sectores de futuro.

Segundo debullou, a estratexia de especialización intelixente do Norte de Portugal xoga un relevante papel na internacionalización das empresas lusas, definindo estratexias, establecendo novas liñas de colaboración e fomentando a participación en programas europeos. Engadiu Meira que este evento representa unha oportunidade única para traballar máis estreitamente coas iniciativas de vangarda no ámbito dunha fabricación avanzada eficiente e sostible.



Adaptar a industria aos retos dixitais para que as empresas gañen tamaño e avancen en internacionalización

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, participou en Santiago na apertura do Innovation & Manufacturing Brokerage Event e destacou o traballo que se está realizando dentro do próximo programa marco Horizonte Europa, centrado en fortalecer as bases científicas e tecnolóxicas da UE

Francisco Conde destacou a aposta de Galicia por adaptar a industria aos retos dixitais para que as empresas gañen tamaño e avancen en internacionalización. O conselleiro explicou que o seu departamento destinará en 2020 preto de 210 millóns de euros a lograr unha Galicia máis innovadora, potenciando os sectores nos que xa é líder, como o naval, o téxtil e a automoción, e explorando novas posibilidades que enriquezan o tecido industrial.


O conselleiro sinalou que Galicia ten atopado novos focos de innovación, como o polo aeroespacial, o polo das TIC ou o polo de biotecnoloxía, que busca en Santiago novas sinerxias co ecosistema bio rexional, dotado dunha aceleradora centrada no descubrimento de novos fármacos. Tamén lembrou a aposta galega polos hubs de innovación dixital, e a nova convocatoria de axudas para empresas participantes nos mesmos que desenvolvan proxectos de I+D+i. Prevese ademais poñer en marcha un plan de impulso á transformación dixital, dotado con 5,3 millóns de euros.

No marco da Axenda Industria 4.0, o conselleiro referiuse á posta en marcha de solucións para avanzar na nova industria concretarase en iniciativas como

os Centros de Fabricación Avanzada, que terán como obxectivo validar e demostrar recursos de tecnoloxías dixitais made in Galicia en sectores industriais concretos.

Por outra banda, e mediante o fomento da colaboración entre empresas complementarias que xeren solucións conxuntas, comentou a posta en marcha da iniciativa Maquinaria 4.0, co obxectivo de incidir no desenvolvemento de provedores de bens de equipo para a nova industria.

Na súa intervención, Francisco Conde sinalou que a alianza entre Galicia e Norte de Portugal ten entre as súas prioridades a Industria 4.0 e a Industria da Mobilidade, con respostas baseadas na transformación dixital. O conselleiro resaltou o traballo que se está realizando dentro do próximo programa marco europeo de innovación Horizonte Europa, centrado en fortalecer as bases científicas e tecnolóxicas da UE, fomentar a súa competitividade e facer fronte aos grandes desafíos mundiais. Tal e como apuntou Conde, o programa marco centrarase na revolución dixital, a economía circular e a transición cara un modelo de consumo baixo en carbono.



Analizando o futuro da Fabricación Avanzada en Europa

“Future of Manufacturing in Europe” foi o título do segundo panel de intervencións do día. O relatorio principal levouno a cabo Jürgen Tiedje, Xefe da Unidade de Sistemas de Industria Sostible da Dirección Xeral de Investigación e Innovación da Comisión Europea

Jürgen Tiedje, Xefe da Unidade de Sistemas de Industria Sostible da Dirección Xeral de Investigación e Innovación da Comisión Europea fixo un adianto acerca do que será o próximo programa de investimento no ámbito da Investigación & Innovación da UE para o período 2021-2027, o chamado Horizon Europe. O Consello e o Parlamento Europeo chegaron a un entendemento común arredor do Horizon Europe en marzo de 2019 e, malia que diversos aspectos sobre orzamentos e sinerxias están aínda pendentes de negociacións, a Comisión xa iniciou a súa preparación.

O orzamento en debate móvese no entorno dos 100.000 millóns de euros para o período de vixencia do programa e inclúe unha estrutura en tres piares que abordará a ciencia fundamental, os desafíos globais e a innovación xunto cun novo enfoque dos clústers intersectoriais. O esforzo para incrementar o impacto e a visibilidade da estratexia e os Centros Europeos de Información Empresarial, como ventanilla-única de innovación para axudar as pequenas empresas a innovar e escalar, foron outros temas mencionados. Mais Tiedje quixo salientar, no marco dun evento sobre fabricación, a importancia que terá a nova planificación estratéxica dos programas de tra-

ballo baixo o pilar 2 de Horizon Europe, así como o novo enfoque de alianzas para racionalizar o escenario.

O plan estratéxico da Comisión Europea para definir o impacto desexado no investimento en fabricación avanzada, implica a procura de empresas centradas no ser humano, altamente flexibles e sostibles, que ofrezan empregos atractivos en áreas urbanas, apoiem o liderado en cadeas de valor estratéxicas e ofrezan novos produtos para novos mercados”. “As tecnoloxías facilitan o proceso, pero as persoas están no centro”, subliñou. Jürgen Tiedje destacou ademais a evolución que no novo contexto global se proxecta desde o concepto de “Factories of the Future” ata o concepto “Made in Europe”, unha forma de abranguer simultaneamente dun xeito integral os novos desafíos económicos, ambientais e sociais. Ao fío, afondou na idea de que, na mesma medida en que a competitividade é clave, a UE quere colocar á beira os conceptos de sostibilidade e inclusión. Esta visión implica que os obxectivos de benestar para as persoas e o planeta fan posible xestionar o cambio climático e comprometerse cos obxectivos de desenvolvemento sostible propostos por Nacións Unidas, estimulando ao tempo o crecemento e a competitividade.

Apoio de novos instrumentos e cooperación en Manufacturing

O terceiro panel do evento foi moderado por Luisa Boquete, da Axencia GAIN, e contou coa intervención de Rosa María Correa, do European Innovation Council, e Wim De Kinderen, da Vanguard Initiative



competitiva nun entorno global, o que constitúe unha clara oportunidade para a colaboración. Na súa intervención, co título “Novos instrumentos para a Cooperación Interrexional”. De Kinderen, puntualizou que a iniciativa parte de dúas premisas: a estratexia de especialización intelixente como resultado da análise das necesidades do tecido emprendedor e o foco sobre as empresas proactivas cara á internacionalización e colaboración interrexional.

A Vanguard Initiative abrangue na actualidade un total de 35 rexións europeas caracterizadas polo seu dinamismo. Os proxectos piloto que apoia na actualidade inclúen iniciativas de cooperación interrexional entre empresas e centros de coñecemento en campos tecnolóxicos específicos, non para impulsar a investigación, senón para insertar esta nos mercados e acelerar desenvolvementos de mercado. O seu obxectivo fundamental é polo tanto acelerar e habilitar oportunidades de negocio para os demostradores. Neste marco, subliñou, non se buscan proxectos únicos, senón construír novas cadeas de valor industrial a través dunha carteira de proxectos de inversión baseada nesas prioridades.



De esquerda a dereita, Wim De Kinderen, Luisa Boquete e Rosa María Correa

Luisa Boquete, directora de Programas da Axencia Galega de Innovación, destacou a importancia de analizar como ferramentas como o European Innovation Council (EIC) e a Vanguard Initiative poden impulsar os proxectos e facelos máis manexables e ter maior capacidade de impacto na sociedade europea.

Rosa María Correa, membro do grupo de traballo EIC da Dirección Xeral de Investigación e Innovación da Comisión Europea centrou a súa intervención no deseño deste instrumento de financiamento. Comezou por destacar a capacidade do EIC para axudar a investigadores, innovadores, pemes ou start-ups para levar máis rápido as súas revolucións innovadoras aos mercados e medrar. Nese sentido, o seu funcionamento responde a tres desafíos detectados a nivel europeo. Un primeiro relacionado co rendemento da innovación,

a partir da diagnose da falta de avances e innovacións disruptivas que creen novos mercados. Un segundo que ten que ver co financiamento da innovación, tendo advertido unha fenda financeira entre as subvencións de I+D e o investimento privado para ampliar as innovacións. E un terceiro relacionado co ecosistema de innovación, de xeito que se poden definir moitos ecosistemas nacionais e locais, pero moi fragmentados a nivel europeo.

Wim De Kinderen, en representación da Vanguard Initiative foi o encargado de presentar esta iniciativa entre os asistentes ao evento. A Vanguard Initiative é unha rede que se basea na idea de que Europa posúe múltiples rexións con grandes fortalezas nalguna área, pero case ningunha suficiente por si mesma como para ser



Panorama xeral das oportunidades de apoio da UE para a fabricación intelixente na investigación aplicada e a captura de mercado no H2020



De esquerda a dereita e de arriba a abaixo, Giacomo Copani, Matthias Kuom, Jürgen Tiedje e Óscar Fernández

O coordinador da área de fabricación eficiente e sostible da Vanguard Initiative, Giacomo Copani, foi o encargado de moderar o debate. Matthias Kuom, enrepresentación da Unidade de Tecnoloxías e Sistemas para a Dixitalización da Industria da Comisión Europea, abriu as intervencións, presentando as accións incluídas nas iniciativas I4MS, SAE e IoT. En videoconferencia desde Bruxelas, o experto comezou analizando os principais indicadores sobre a incidencia da intelixencia artificial no ámbito da fabricación. Entre outros, mencionou un estudo que prevé que en só cinco anos a IA sume ata un tercio do crecemento agardado para o sector en Alemaña, engadindo ata 32 bilións á produción do país. Xa no ámbito da liña de axudas específicas para a fabricación avanzada, Matthias Kuom sinalou que se priorizan requirimentos específicos baseados na cooperación efectiva entre humanos e IA, que respeten os principios éticos establecidos e se constrúan a partir de resultados preexistentes. Así mesmo agárdase que as propostas desenvolvan conceptos e ferramentas innovadoras, capaces tamén de xestionar imprevistos, e recordou que os proxectos deben cando menos demostrar a súa aplicación tecnolóxica en

dous usos diferentes.

Kuom referiuse a continuación á liña I4MS para o fomento da innovación tecnolóxica e a dixitalización na pequena e mediana empresa manufacturera europea. Esta liña facilita apoio tecnolóxico e financeiro para pequenos proxectos piloto arredor de innovacións dixitais diversas. Destacou que se buscan propostas fundamentalmente arraigadas no ecosistema de innovación rexional e que teñan sostibilidade a longo prazo, incluído un plan de negocio para a captura de inversores. Ademais, agárdase que os proxectos seleccionados poidan axudar a construír a rede de Digital Innovation Hubs cubrindo a maior parte das rexións de Europa. O abano de áreas que cobre inclúe entre outras as áreas de equipos baseados en láser e procesos de fabricación avanzada, intelixencia artificial innovadora en fabricación, simulación e modelado intelixente, sistemas autónomos cognitivos e interacción humano-robot e a ampliación dos centros de innovación dixital.

Jürgen Tiedje, Xefe da Unidade de Sistemas de Industria Sostible da Comisión Europea, interviu tamén neste panel de expertos centrando a súa presentación na convocatoria de Nanotec-

noloxías, materiais avanzados, biotecnoloxía e fabricación e procesamento avanzados (NMBP) de H2020 incluíndo os temas dentro de Fábricas do Futuro (FoF). Neste caso, Tiedje destacou que o programa sobre NMBP posúe tres convocatorias distintas e centrouse na análise da liña relacionada coa transformación da industria europea que, sinalou, ten un impacto xeral e representa o 60% do total. En relación coa convocatoria de Fábricas do Futuro, presentou os temas específicos e ocupouse especialmente de “Assembly of micro parts”. Esta temática céntrase na procura de investimentos en I+D arredor de novas técnicas de micro-manufactura necesarias para que Europa manteña vantaxes competitivas. Nese sentido, recordou que as propostas deben cubrir cando menos tres das áreas definidas na convocatoria e valorarse a viabilidade económica e facilidade de transferencia a outros sectores e tipos de produción.

Óscar Fernández, xerente da oficina nacional Eureka do CDTI, foi o encargado de pechar a sesión facendo un debuxo xeral do ecosistema de innovación europeo. O representante de CDTI precisou que entre os programas estritamente nacionais e os programas de ámbito europeo, sitúanse no medio varias posibilidades de apoio para os proxectos de I+D dos países participantes, lugar onde se ubica Eureka, como iniciativa intergubernamental. Eureka baséase en partir dos proxectos preexistentes a nivel nacional e estudar as posibilidades de sincronizalos no nivel internacional, tarefa na que acumula longa experiencia desde a súa creación nos anos 80. Das diferentes áreas de proxectos de Eureka, Óscar Fernández centrou a súa intervención nos “Cluster projects”.



COOPERACIÓN TRANSFRONTEIRIZA
RIS3 GALICIA - NORTE DE PORTUGAL